

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e a Université Sorbonne Nouvelle - Paris 3 para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, literatura e cultura galegas

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta secretaría xeral ten previsto formalizar coa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 01/01/2026 ata o 31/12/2028.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases que rexerán a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a **Université Sorbonne Nouvelle - Paris 3**, para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e cultura galegas, non só no ámbito académico da universidade, senón tamén na súa área de influencia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Desde o punto de vista da proxección exterior do galego, un dos obxectivos marcados no Plan xeral de normalización da lingua galega é o de «consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introducilo noutras universidades de interese estratéxico».

Para acadar este obxectivo xeral, é preciso adoptar as seguintes medidas concretas que terá que aplicar a universidade de referencia:

- A) Darlle continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo da universidade.
- B) Organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións etc., tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.
- C) Manter, durante a vixencia deste convenio, a contratación, integración no seu cadro de persoal e retribución dun lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas coa suficiente acreditación académica.
- D) Adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar axeitadamente as accións recollidas nas anteditas alíneas A e B.

A Lei de normalización lingüística establece que «o galego é a lingua propia de Galicia» e que «os poderes públicos de Galicia garantirán o seu uso normal». Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, tal e como xa se expresou no apartado anterior, recolle que entre os obxectivos relacionados coa promoción exterior do galego está o de «consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introducilo noutras universidades de interese estratéxico».





En virtude do anterior queda acreditado o interese público e social da sinatura do convenio, coa correspondente axuda que nel se recolle, así como a súa singularidade debido á conxunción do seu obxecto e do ámbito xeográfico ao que se circunscribe.

O deseño dos mapas de implantación e localización dos centros de ensino públicos de nivel superior en todos os países do mundo pretende estar presidido pola súa racionalidade. Trátase de conxugar a máxima eficacia na distribución territorial das universidades e das titulacións que imparten e eficiencia no emprego dos recursos económicos dispoñibles. É por isto que se lles atribúe ás universidades públicas un ámbito territorial exclusivo de competencia e actuación moi delimitado que imposibilita que outras universidades públicas poidan interferir nel.

Relacionado co anterior, e para darlle cumprimento ao expresado no primeiro parágrafo deste apartado, a Xunta de Galicia, para a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas, non só convenia coa **Université de la Sorbonne Nouvelle, París III (Francia)**, senón que o fai con todas aquelas universidades de interese estratéxico que integran nos seus plans de estudo, das correspondentes titulacións, materias relacionadas co ensino da lingua, a literatura e a cultura galegas ou que aceptan esta inclusión.

Para o financiamento das actividades docentes, de investigación e promoción da lingua non se realizará un procedemento de concorrencia competitiva debido ao ámbito xeográfico exclusivo de cada unha das universidades e á existencia de convenios de financiamento aínda en vigor con moitas delas, o que motiva que os financiamentos se vaian determinando progresivamente e en consonancia co vencemento dos convenios previamente subscritos.

En todo caso, a entidade asinante e as actividades que se financian foron seleccionadas tendo en conta os criterios fixados nos apartados 4 e 7 do vixente "Plan estratéxico de convenios de colaboración a subscribir pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua con outras institucións e entidades de base asociativa ou fundacional e con universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega", elaborado pola devandita secretaría xeral para o ano 2025.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na normativa vixente en materia de contratos públicos nin con outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

